

QUE PASA, DOUTOR?

[What's Up, Doc?, Peter Bogdanovich
1972, EE UU, 94 min., VOSE]

Lingua **Inglés**

Dirección e argumento **Peter Bogdanovich**

Guión **Buck Henry, David Newman, Robert Benton**

Montaxe **Verna Fields**

Fotografía **László Kovács**

Son **José Luiz Sasso**

Música **Artie Butler**

Elenco **Barbra Streisand, Ryan O'Neal, Madeline Kahn,**

Kenneth Mars, Austin Pendleton

Produtora **Saticoy Productions**

Distribución **Contenidos Audiovisuales**

Catro persoas con maletas idénticas coinciden no mesmo andar dun hotel de San Francisco. Unha delas pertence a Howard Bannister, un mozo serio, tímido e despistado, que asiste a unha convención de musicólogos para optar a unha bolsa de investigación. Outra é de Judy Maxwell, unha moza vitalista e atoleirada coa que Howard vivirá as situacións máis disparatadas. Aínda hai outras dúas maletas en circulación, e moita xente perseguindo o seu contido.

Divertidísima comedia con aroma clásico que bebe de Howard Hawks, George Cukor e demais represantes da *screwball comedy* da época dourada de Hollywood, con Barbra Streisand e Ryan O'Neal como un dos dúos románticos máis entrañables da historia do cinema.

XANEIRO

Martes 28 **LÚA DE PAPEL**

(Peter Bogdanovich, 1973,
EE UU, 102 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



QUE PASA, DOUTOR?

PETER BOGDANOVICH

FS #226

21.1.2025

CINECLUBE PONTEVEDRA

WHAT'S UP, DOC? PETER BOGDANOVICH

«Screwball comedies, remember them?», era o slogan que se utilizaba no póster da estrea orixinal de *What's Up, Doc?*, a comedia de Peter Bogdanovich estreada en cines estadounidenses en marzo de 1972, cando o seu filme anterior, *The Last Picture Show*, aínda seguía en cartel. Ese slogan non é casual: comedias coma esta non eran nada habituais no cinema de Hollywood deses anos. Trátase, a todas luces, dun filme retro que homenaxea moi directamente clásicos da época de ouro, un modelo cómico moi específico cuxo mellor exemplar continúa a ser *Bringing Up Baby* (1938), de Howard Hawks, entre as moitas representantes dun xénero que, salvo algunhas poucas excepcións, hoxe practicamente desapareceu. En cada fotograma do filme de Bogdanovich respírase un aire a ese estilo de comedias dos anos 30 e principios dos 40, comezando pola velocidade e superposición dos diálogos, o humor que xorde deles, as confusións narrativas e como todo isto se combina coa comedia física —caídas, golpes, persecucións— e a romántica, que é o motor clave do filme.

Mais o título do propio filme habilita outra homenaxe, unha que está implícita tamén no seu caótico espírito: o cinema de animación de Warner Bros., máis especificamente a serie *Looney Tunes* e os seus máis recoñecidos representantes, Tex Avery e Chuck Jones. *What's Up, Doc?* era a maneira clásica en que Bugs Bunny saudaba os seus interlocutores e é a forma en que o fai aquí Judy, a personaxe que interpreta Barbra Streisand e que funciona igual que o facía «o coello da sorte» naquelas curtas: coma un axente do caos, alguén que xera un permanente rebumbio ao seu arredor. Son eses dous espíritos combinados —para crear a personalidade de Bugs Bunny, di a lenda, inspiráronse nas *screwball comedies* de Frank Capra— sobre os que o filme de Bogdanovich se para. Non só a modo de inspiración, senón como modelo, como arquitectura integral. A iso hai que sumarlle unha transversal inspiración en gags de cine mudo, con referencias que van desde escenas concretas de Buster Keaton a algunhas de Harold Lloyd, entre outros.

What's Up, Doc? ten unha trama cuxa complexidade é só un pretexto para montar a partir dela situacións absurdas, tanto físicas como verbais, exercicios cinematográficos onde todos os elementos deben combinar á perfección para funcionaren ben. E aquí case sempre o fan. Seguindo os destinos de catro persoas que portan maletas idénticas que van parar ao mesmo andar dun hotel de San Francisco, o guión —en que traballaron, en distintas etapas, Robert Benton, David Newman, Buck Henry e o propio Bogdanovich— organiza unha serie de confusións e desencontros nos que participan un timorato musicólogo chamado, ás veces, Howard (Ryan O'Neal), a súa prometida Eunice (Madeline Kahn) e a tal Judy (Streisand), entre outros personaxes ligados a unha convención de

musicólogos á que a parella asiste. Howard e Judy portan dúas desas catro maletas, pero hai outras dúas máis circulando. Unha pertencelle a unha muller rica (Mabel Albertson) e está chea de xoias, mentres que outra, a de Mr. Smith (Michael Murphy), ten papeis secretos de seguridade nacional. E hai xente que quere o que hai nesas maletas, que pasan de man en man xerando todo tipo de problemas. O cruzamento entre Howard e Judy é o que dispara o núcleo central da trama, a relación que pasa do fastío ao namoramento entre este metódico profesor e esta atoleirada e intelixente dama que o busca obsesivamente.

Pero *What's Up, Doc?* vai máis alá da súa conxunción perfecta de coñecemento e posta en práctica, excede os límites da homenaxe en si mesma. É un filme que vai a contramán da súa época, xa que pouco e nada ten que ver co cine máis realista e mundano que o New Hollywood puxo de moda nesa época, un cine crítico e desilusionado, amargo se se quere. Bogdanovich prefire utilizar arquetipos clásicos, abandonando a plausibilidade e calquera tipo de comentario ligado á época, cando menos directamente.

Algunhas referencias —a brincadeira que O'Neal fai sobre o final cunha frase famosa de *Love Story*, que el mesmo protagonizou; o personaxe de Murphy coas súas potenciais connotacións políticas ligadas ao Watergate— si son puntuais, pero son poucas. Se cadra, o máis «realista» acontece na caótica persecución en coche que ten lugar contra o final e que foi filmada, en boa parte, na propia cidade de San Francisco en lugar de facerse en estudos. É que, malia o ton retro que domina de principio a fin, *What's Up, Doc?* non é un filme de época (non transcorre nun pasado en relación á súa produción), senón que acontece no tempo en que foi filmado. Visto hoxe, é un filme co estilo dos anos 30, rodado nos 70 e analizado na década de 2020.

Ese espírito xovial, positivo e optimista, hoxe visiblemente anacrónico, dálle ao filme ese pulo extra que o converte nunha obra mestra que o tempo esqueceu (raramente aparece entre os grandes clásicos dos 70 ou nas listaxes á altura doutros filmes do propio Bogdanovich) e que merece unha xusta revisión. É un filme onde todo é superficie e onde nada intenta referenciar ningún tipo de profundo desenvolvemento psicolóxico dos personaxes. É unha comedia no sentido máis estrito da palabra: ata as súas últimas consecuencias. Non precisa explicacións nin xustificacións, nin se atén a ningunha outra lóxica que non sexa a do humor (o gag, máis concretamente) e á da arte cinematográfica na súa expresión máis pura: a da posta en escena. É, como dicía unha revista moi popular nesa época, unha proba de que a risa é un remedio infalible.